

Bos días nen@s de 2º de Educación Primaria!!!

Estrenamos novo mes e tamén novo tema, as dúas seguintes semanas tócanos **the weather**, o tempo meteorolóxico.

Imos a empezar cunha presentación sobre vocabulario relacionado con este tema

<https://www.youtube.com/watch?v=CXKj7bm4Ops>

Agora seguimos cunha canción

<https://www.youtube.com/watch?v=6MGRkUIFZws>

How's the weather? Como está o tempo?

Pero tamén podemos dicir **What's the weather like today?** Que tempo vai hoxe? A seguinte canción practicamos esta expresión **What's the weather like today?**

<https://www.youtube.com/watch?v=Jn7uAsLWXpk>

A semana pasada vimos as estacións en inglés agora no seguinte enlace imos a ver que tempo vai en cada estación e que roupa poñemos dependendo do tempo que vai. Este vídeo está moi ben para repasar todo o que vimos nestas 3 últimas semanas

<https://www.youtube.com/watch?v=eXFe4tUCd40>

E xa por último imos a facer un **quiz**, unha encuesta sobre o tempo. Tes que responder como está o tempo?

<https://www.youtube.com/watch?v=pfKRatZYytU>

Cantas respostas fixeches ben? Todas, moi ben!!!! Incrible!!!

Esta semana o **5 de xuño** celebramos o **Día do medio ambiente** e para conmemoralo mándovos un conto titulado **A Whale's Tale** a ver que vos parece. A min encantoume. Penso que entre todos podemos facer un mundo mellor.

<https://www.youtube.com/watch?v=tVMe8baPGDA>

Actividades

O primeiro é un xogo. Tedes 8 palabras relacionadas co tempo e 8 debuxos tedes que unir cada palabra co seu debuxo correspondente. Moita sorte!! Ao lado de cada palabra hai un altavoz para escoitar como se pronuncia.

<https://learnenglishkids.britishcouncil.org/word-games/weather-1>

A seguinte proposta non fai falla imprimila, simplemente a podedes abrir e facer no ordenador.

Estamos na semana de medio ambiente así que con maior razón. Simplemente tedes que unir as palabras cos debuxos, podédelo facer sinalando. Necesito axuda dos pais para ler as palabras e os nen@s din onde vai cada unha. O adxunto titúlase **Weather Match**

Xa por último mando un xogo clásico entre os nenos británicos e americanos chámase **Snakes and ladders**, serpes e escaleiras. E como o xogo da oca, hai que chegar a última casilla e cun número exacto, se caes ao pé da escaleira subes a escaleira se caes na cabeza da serpe baixas a serpe, se caes en outra parte da escaleira ou da serpe non pasa nada. Empeza o que saca o número máis alto e se che toca un 6 volves a tirar. **SORTE!!!!** Aquí ademáis tedes que dicir o tempo que fai, xa que nas casillas hai debuxos dos símbolos do tempo. Se o dis ben quedas na casilla senon volves para onde estabas.

It's sunny, It's cloudy, It's rainy, It's windy, It's stormy and It's snowy. (soleado, nublado, chuvioso, ventoso, tormentoso e nevado) Practica antes de empezar.

Necesidades para xogar a dice and a counter (un dado e unha ficha)

Espero que teñades unha boa semana. Unha aperta a todos.

